

Bueno, pois este que lle vou contar agora é un conto dunha aldea tamén moi de terra adentro, non? Donde había a costumbre de cando había a matanza de darlle un pedaciño a unha amistá, a un familiar; xa é unha costumbre vella que había nese pueblo.

Entonces un buen señor tamén tiña a súa matanza para matar, e aquel ano salíralle malo; non lle crecera e éralle cativo, era un porco pequeniño, e entonces un día vindo por alí un cuñado, comentoullo:

— Oes, sabes unha cousa? Que este ano teño unha matanza malísima, non vale nada, e con esto de ter que darlle un pedazo a un, un pedazo a outro, non che me vai a quedar nada, non sei como vou facer. Eu non sei como vou facer este ano porque non me vale para nada e non sei como vou facer.

E vai o outro, o cuñado, dixo:

— Eu case che daba un consello.

— E logo que me dices que faga?

— Pois mira: ti colles e máta—lo porco, e máta—lo porco e pólo, cólgalo donde cho vexa todo o mundo, no corredor... Ti cólgalo aí donde cho vexan que efectivamente matache—lo porco. E aí polas tantas da mañán, da madrugada, colles e recóllelo e ó día sighiente quéixaste de que che roubaron o porco, e con tal motivo non tes que dar nada a nadie.

Entonces o fulano dixo:

— Pois sabes que me das unha boa idea? Pois voucho a facer. Porque a verdá é que eu se teño que lle dar un cacho a un, un cacho a outro é que non me queda nada del.

— Nada home, nada! Ti fai o que che digo eu, xa verás que ben sales. Ti mátalo e cólgalo e pos donde cho vexan que mataches, e a eso da mañán temprana colles e recóllelo e gárdalo e á mañán quéixaste de que cho roubaron.

E entonces dice:

—Pois mira, bah! Case estás no certo. Pois vouno facer.

Efectivamente: o home matou, colgou o porco alí no corredor, donde se miraba desde os camiños, pasando, e cando se levanta de madrugada pa o guardar, o porco non estaba no sitio. Xa llo habían roubado.

Chega, vaise á mañán onda o cuñado e dícelle el:

— Oes Fulanito, e ti sabes que me roubaron o porco?

E dille o cuñado:

— Que ben o fas! Que ben o fas!

Dice:

— Que ben o fas de que, me cago en tal! Se mo roubaron me cago en la...!

Dice:

— Ai, que ben o fas! É que se o fas así creecho todo o mundo!

E dícelle:

— Pero me cago en tal! Que mo roubaron! Que non é unha mentira...non é un conto, que mo roubaron de verdá!

— Que ben o fas, home, que ben o fas! Mira, se o fas así é que cho cree todo o mundo.

E efectivamente, o fulano habíalle roubado o porco, por que o mesmo que lle deu o consello de que o puxera así colgado foi o mesmo que llo roubou.